



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



Decreto da Alcaldía: Nomeamento e convocatoria do tribunal

Vista a Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e a súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G)

Vista a Resolución de 15/05/2025, pola que se concede ao Concello de Cerdido unha subvención de 16.602,00 euros para a contratación de un peón para a realización de tarefas de desbroce e limpeza para prevención de incendios forestais

Unha vez remitida polo Servizo emprego público de Galicia as persoas candidatas para a oferta presentada (12-2025-5009) para o programa de fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL 2025), e rematado o prazo de presentación de instancias

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, polo presente Decreto

RESOLVO:

Primeiro: Nomear como tribunal cualificador, segundo o establecido nas bases da convocatoria a:

Presidente:

Ignacio H. Dominguez Simons, secretario- interventor do Concello de Cerdido.

Secretario:

César Yáñez Carballeira, funcionario administrativo do Concello de Cerdido.

Vogais:

Jose Victoriano Bouza Pita, persoal laboral fixo do concello de Cerdido.

Jose Vicente Casal Villasuso, persoal laboral fixo do Concello de Cerdido.

José Herminio Puentes González, persoal laboral fixo do Concello de Cerdido.

Segundo: Convocar ao tribunal cualificador para o día 18 de xuño de 2025 as 9:00 horas no salón de plenos do concello para valorar a documentación e elaborar a lista provisional de admitidos e excluídos.

Terceiro: Publicar o contido da presente resolución da Alcaldía de nomeamento e convocatoria do tribunal no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cerdido.

Asinado dixitalmente polo Alcalde, D. Alberto Javier Rey Paz, do que eu Secretario - interventor do concello, Ignacio Hipolito Domínguez Simons, dou fe.